

Public 2930



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



B I B L I O T E C A X E R A L

M E M O R I A 1989



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Biblioteca Xeral, a máis das súas funcións como centro bibliotecario, desenrola as actividades de dirección e coordinación do conxunto do sistema bibliotecario da Universidade, centralizando ó tempo servicios xerais (xestión de publicacións periódicas, catálogo colectivo, información bibliográfica, préstamo interbibliotecario, formación de usuarios).

No ano 1989 a Biblioteca Universitaria (BU) puxo en marcha o novo organigrama e distribución de plantillas, consecuencia do Catálogo de Postos de Traballo da Universidade. Isto orixinou unha grande mobilidade do persoal, co seguinte impase da adaptación en practicamente tódolos postos.

Dado que as necesidades de reforza-las plantillas son cada vez máis acuciantes nas Bibliotecas de Centros, a BX seguiu na tendencia dos últimos anos de ver diminuída a súa plantilla. Nesta produciuse unha reestructuración co fin de potencia-los servicios ó público sobre os procesos internos, de tal xeito que no momento actual o 65% do total do persoal e casi o 53% do persoal técnico está adscrito ós Departamentos de servicios.

O organigrama da BX ten unha estrutura fundamentalmente funcional, aínda que introducindo elementos de estruturas divisionais (Departamento de Publicacións Periódicas, Departamento de Galicia). Adxúntase en Anexo o actual organigrama. Despois deste primeiro ano de experiencia, a práctica amosa un modelo excesivamente compartimentalizado, que non favorece a integración nin a rotación de funcións. Por isto, a máis dos cambios que previsiblemente suporá a futura automatización da BU, é posible que haxa que proceder a axustes estruturais nos vindeiros anos.

Como feito destacable neste ano 1989 están os pasos dados cara a introdución na BU de novas tecnoloxías de xestión e recuperación da información. Dentro do primeiro grupo hai que sinalar que en abril presentouse o Proxecto de Automatización da BU que se agarda poñer en marcha en 1990. Dentro do segundo grupo a BX comenzo a substituir algunhas fontes bibliográficas impresas (Citation Index, Dissertation Abstracts, Ulrich's) por soportes CD-ROM, estando previsto que se proceda a igual substitución nas Bibliotecas de Centro en 1990. Coa mesma finali-



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

dade de millorar o acceso á información bibliográfica, e a petición da Xerencia desta Universidade, informouse sobre a posibilidade de integración na BU do Servicio de Teledocumentación, integración á que aínda non se procedeu.

Entre os proxectos presentados no ano 1989 está o de organización e control bibliográfico das teses e memorias de licenciatura desta Universidade, de especial importancia para as anteriores a 1989 por non estar editadas. Neste proxecto, presentado ó Vicerrectorado de Investigación e ó Presidente da Comisión de Doutoramento, contéplase o depósito dos exemplares existentes nas Secretarías dos Centros nas Bibliotecas de Centro, a consecución dunha colección na BX dirixida á conservación e ó PI, e á elaboración dunha base de datos bibliográfica / destes materiais bibliográficos.

Asemade presentouse un proxecto para a formación do persoal da BU noutras Bibliotecas nacionais e estranxeiras, con obxecto de coñecer outras experiencias, confrontalas coas propias e fomenta-la cooperación interbibliotecaria. O plan, presentado ó Vicerrectorado de Investigación e á Xerencia desta Universidade, / contemplaba a dotación de 3 bolsas de formación para o ano 1990, destinadas a algunhas das seguintes áreas: - organización e tratamento da información sobre soportes non tradicionais, - informatización de catálogos de BUs, - coleccións locais, e - formación de usuarios, ó seren estes os eixos de traballo que debe abordar con máis profundidade a BU de Santiago nos próximos anos.

A petición da Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, ó traveso da Directora da BU, ésta participou na Comisión encargada de estudar-lo sistema bibliotecario de Galicia. Nesta Comisión elaborouse o borrador do proxecto da Lei de Bibliotecas de Galicia.

A Biblioteca da Universidade Complutense de Madrid solicitou á Dirección / desta BU a súa participación activa nas II Xornadas de Bibliotecas Universitarias, que se celebraron en Madrid no mes de outubro do presente ano. A través da Subdirección Técnica presentouse unha comunicación co título La Biblioteca Universitaria de Santiago: estructura y organización.



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Biblioteca veu participando ó longo do ano nas xuntanzas convocadas por Fundesco para a elaboración dun Informe sobre a automatización das BUs en España, encargado pola Secretaría de Estado de Universidades. A partir de ditas reunións 10 BUs decidiron traballar na posta en marcha dun Convenio de Colaboración, que foi asinado por esta Universidade en Decembro. As Bibliotecas firmantes deste Convenio son: BU de Barcelona, BU de Oviedo, BU de Cantabria, B. da UNED, BU do País Vasco, BU de Sevilla, B. da Universidade Autónoma de Madrid, B. da Universidade Politécnica de Cataluña, B. da Universidade de Alcalá e BU de Santiago. Dentro deste marco, a BU de Santiago participou na Comisión de Préstamo Interbibliotecario (PI), na que se elaboraron as pautas para a realización deste servizo entre as Bibliotecas do convenio a partir de 1990.

A través da Dirección da Biblioteca de Matemáticas, a BU participou tamén na redacción dun convenio de Colaboración en materia de Documentación e Información matemática, asinado polo CSIC, U. de Barcelona, U. Autónoma de Madrid, U. Complutense de Madrid, U. de Málaga, U. do País Vasco, U. de Santiago de Compostela, U. de Sevilla, U. de Valencia e U. de Zaragoza.



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

PRESUPUESTO E INVERSIONS

O presuposto da BX aprobado pola Xunta de Goberno para o exercicio económico de 1989 foi o seguinte:

Capítulo 2: 19.089.697

Capítulo 6: 15.000.000

Amais destes créditos iniciais, a Biblioteca contou con 3.000.000 de pts. para o inicio da constitución dun fondo bibliográfico para a futura Sección de préstamo en acceso directo. Pola súa parte, a Xunta de Galicia mercou fontes / bibliográficas con destino a esta Biblioteca por un importe aproximado de / 2.797.312 pts. (importe non exacto, ó estar parte da facturación en moeda estranxeira).

O estado das diversas aplicacións económicas ó peche do exercicio, segundo a contabilidade interna da Biblioteca, ó carecerse ata esta data de datos da Sección de Contabilidade, é:

Aplicación 215: Crédito: 500.000

Inversións: 202.564

Transferencias negativas: 291.000

Saldo: 6.436

Aplicación 220: Crédito: 8.300.000

Inversións: 6.683.355

Transferencias negativas: 1.836.800

Ingresos: 873.481 (cargos internos polo servizo de P.I.)

Saldo: 653.326

Aplicación 223: Crédito: 0

Inversións: 37.742

Saldo: - 37.742 (a cubrir co saldo positivo da aplicación 220)

Aplicación 226: Crédito: 0

Inversións: 36.800

Transferencias positivas: 36.800

Saldo: 0



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Amais destas aplicacións, a Biblioteca xestionou neste ano as aplicacións 213, 221 e 222, anteriormente centralizadas. Estas aplicacións foron as que motivaron máis problemas e os créditos adxudicados son claramente insuficientes como pode verse a continuación:

Aplicación 213: Crédito. 2.947.008
Inversións: 2.632.684
Transferencias positivas: 700.000
Saldo: 1.014.324

Este saldo positivo é debido a que o mantemento do sistema contra-incendios e das vagonetas de transporte non se pagou, ó non terse realizado, como xa se comunicou á Xerencia desta Universidade.

Aplicación 221: Crédito: 5.748.082
Inversións: 3.536.962
Transferencia negativa: 1.650.000
Saldo: 561.120

Este era o estado de contas da aplicación 221 ata o 26 de Decembro en que a empresa de electricidade FENOSA comunica á Biblioteca que os recibos de luz que estivera pasando durante todo o ano non correspondían á Biblioteca, senón a un contador da cafetería ubicada no Pazo de Fonseca. Isto supón unha débeda para a Biblioteca de 3.576.305 pts. Dado que nesta aplicación non había líquido para / facer frente a dita débeda, xa que coa autorización do Vicerrectorado de Asuntos Económicos se transferiran os previsibles remanentes, deixándose soamente 561.120 pts. co fin de cubri-lo déficit na aplicación 222, pasouse información á Xerencia do problema.

aplicación 222: Crédito: 894.647
Inversións: 1.071.166
Ingresos: 53.000 (Tfno. público)
Saldo: - 123.519

Polo visto ata aquí, é claro que as cantidades adxudicadas nestas tres aplicacións son insuficientes para facer frente ó mantemento do edificio. Débese ter en conta que nos suministros da Biblioteca van incluídos os de tódolos servicios que teñen neste momento a súa sé no Pazo de fonseca. Tamén haberá que prever que



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

no próximo ano a Biblioteca terá 2 liñas telefónicas máis, unha xa instalada e a outra pendente de instalación para un fax.

En canto ás aplicacións correspondentes ó capítulo 6, o seu estado é o seguinte:

Aplicación 605: Crédito: 932.172 (incluída a remanente de 1988: 432.172 pts.)

Inversións: 4. 663.003

Ingresos: 844.840 (cargos internos polo servicio de P.I.,
autorizado o seu ingreso nesta aplica-
ción polo Vicerrectorado de Asuntos Eco-
nómicos)

Transferencias positivas: 3.741.000

Saldo: 855.009

Aplicación 608: Crédito: 18.000.000

Inversións: 17.826.141

Transferencias negativas: 101.464

Ingresos: 56.933

Saldo: 129.328



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

INSTALACIONES E EQUIPAMENTO

Neste ano 1989 fíxose evidente a necesidade de amplia-las instalacións da BX, dada a saturación dos servizos que se atopan na planta baixa (Préstamo, / Información bibliográfica e PI). Amais algúns Departamentos están traballando en locais que non reúnen as condicións necesarias, como é o caso do de Publicacións Periódicas, e Préstamo e Adquisicións onde os traballadores teñen que soportar un alto índice de rúidos procedente das vías das vagonetas de transporte de libros que se encontran sin aillar.

Para dar solución a estes problemas e ofrecer mellores servizos ós usuarios tense solicitada a ampliación de locais na planta baixa do Pazo de Fonseca. Dependendo das características das zonas que se concedan, agárdase poder proceder a unha reestructuración desta planta que permita:

- Instalación dunha Sección de Préstamo a domicilio en acceso directo
- Traslado da Sección de Información e Referencia a instalacións que permitan albergar tódalas obras da sección (enciclopedias e dicionarios, bibliografías individuais, etc. neste momento en acceso pechado) e instalar na súa proximidade a todo o persoal de PI. Amais estas instalacións deberían permitir ofertar un número maior de postos ós usuarios e en condicións máis idóneas
- Creación dunha Sección de medios audiovisuais
- Instalación da Sección Galicia en acceso directo.

Está previsto tamén que en 1990 se proceda a reestructurar a sala de lectura, permitindo unha millor vixilancia do control electrónico e pór a disposición dos usuarios unha fotocopiadora en auto-servicio.

Os equipamentos adquiridos este ano foron destinados fundamentalmente a / permitir levar adiante a política de conservación dos fondos históricos mediante a microfilmación, da que se falará posteriormente. Para isto foron adquiridos ou iniciado o trámite de adquisición dun lector-reproductor de microfilms que permita a reprodución en tamaño A-3 co fin de facilitar a obtención de copias en papel da prensa de gran tamaño. Asemade adquiríronse un lector microficha-microfilm e un lector de microfichas.



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para o servizo de reprografía dos propios fondos adquiriuse unha nova fotocopiadora e co fin de facilita-la rápida recepción de reproducións de documentos en PI, así como facer frente ó Convenio firmado con outras 9 BUs, adquiriuse un fax.

Para o servizo de Información e Referencia adquiriuse un microordenador e un lector de CD-ROM co fin de te-la infraestrutura necesaria para poñer en servizo a información mercada neste soporte.



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESENVOLVEMENTO DAS COLECCIONS

No ano 1989 a Biblioteca Xeral seguiu tendo como liñas prioritarias as de desenrolo da sección de obras de referencia xeral e interdisciplinar, fondo galego, coleccións interdisciplinares de apoio á docencia e á formación integral dos alumnos, superando o carácter especializado das Bibliotecas de Centros, e fondo histórico.

En canto ás coleccións de referencia fixéronse adquisicións tanto de monografías como de publicacións periódicas que superan os 8.000.000 de pts. Empezouse no presente ano a adquisición de moitas destas obras en soporte CD-ROM, / adquisición que hai que proseguir en anos vindeiros pois supón importantes melloras na recuperación bibliográfica. Debe terse en conta que é esta unha colección de apoio para toda a BU, e que as Bibliotecas de Centro, que manteñen só coleccións de referencia no seu campo de especialización, teñen como soporte esta Sección. Trátase polo tanto dunha Sección fundamental de apoio á investigación de toda a Universidade.

O fondo galego entra fundamentalmente a traveso do convenio coa Xunta de Galicia para a recepción do Depósito Legal. A Biblioteca Xeral adquire cos seus recursos duplicados dos títulos de uso máis frecuente e fondos retrospectivos que lle permitan no futuro aproximarse á necesaria exhaustividade dos fondos / editados en Galicia, de autores galegos ou referidos a Galicia.

Entre as coleccións interdisciplinares no ano 1988 fíxose un especial esforzo presupostario para iniciar a constitución dunha colección dirixida a crear unha Sección de Préstamo a domicilio en acceso directo, que posta en servicio dun xeito automatizado, permitirá no futuro millorar o préstamo a domicilio, un dos servicios máis deficientes da Biblioteca e que pola contra consume moitos recursos de persoal.

En relación ó fondo histórico, a Biblioteca continuou a liña desenrolada nos últimos anos de adquirir facsímiles que completen o seu fondo histórico, especialmente a Sección de Manuscritos, colección de valor limitado nesta Biblioteca fronte ás restantes coleccións históricas.



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

En resumen, o subsistema de adquisicións presenta en 1989 os seguintes datos:

I. Monografías:

- Nº total de títulos ingresados: 3.885
- Nº de títulos ingresados por compra: 2.652
- Nº de títulos ingresados por donativo: 690
- Nº de títulos ingresados por intercambio: 163
- Nº de títulos ingresados por D.L.: 380

II. Publicacións periódicas:

- Nº total de títulos abertos: 890
- Nº de títulos por suscripción: 135
- Nº de títulos ingresados por donativo: 108
- Nº de títulos ingresados por intercambio: 105
- Nº de títulos publicados pola Universidade: 7
- Nº de títulos ingresados por D.L.: 535

Amais destas coleccións xestionouse o ingreso de publicacións duplicadas ofertadas pola Biblioteca Universitaria de Barcelona, con destino a esta Biblioteca ou a Bibliotecas de Centros. Ingresaron por este sistema 13 títulos que completan as coleccións da BU.

Amais destes ingresos, a Biblioteca recibiu fondos anticuados procedentes das Bibliotecas da Facultade de Química, Farmacia e E.U.F.P.E.X.B. de Lugo. Tamén ingresaron exemplares das teses doctorais da Comisión de Doutoramento. Hai que resaltar que estes fondos carecen de todo tratamento técnico, e polo tanto dunha axeitada posta en servicio, por carecer esta Biblioteca do persoal suficiente.

O mantemento das coleccións existentes, de particular importancia nesta Biblioteca polos seus fondos históricos, desenrolou principalmente 3 liñas de traballo:

- limpeza e reparacións en encuadernacións históricas
- inicio da microfilmación da prensa galega, así como dos manuscritos dos que se solicitaron reproducións por parte dos usuarios ou doutras Bibliotecas
- encadernación.



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

O programa de microfilmación dos fondos da propia Biblioteca comenzou neste ano 89, estando neste momento disponibles neste soporte 4 títulos de prensa (Gacetilla de Santiago, Diario de Santiago, La Gaceta de Galicia e A Nosa Terra), 3 manuscritos e un impreso do século XV. Resaltar que a lentitude da microfilmación débese fundamentalmente a depender da furgoneta da Universidade para transporta-los fondos á empresa de microfilmación. No mes de abril celebrouse unha xuntanza entre o Arquivo Histórico da Universidade, o Servicio de Publicacións, a BX, un representante do Vicerrectorado de Investigación e Servimav co fin de / estudia-las posibilidades de que este servicio se faga cargo de tódolos traballos de microfilmación. Pese a considerar que este proxecto era viable, aínda non se puxo en marcha.



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ORGANIZACION E PROCESOS TECNICOS

Os Negociados implicados nestes Departamentos están sobrecargados de traballo por diferentes razóns: existencia de bolsas de fondos sin catalogar procedentes de anos anteriores, diminución do persoal adicado a estas tarefas ó prioriza-la Biblioteca os servicios ó público na distribución de plantillas e ó terse reducido o persoal técnico da Biblioteca, vacantes sin cubrir da plantilla (Negociado de Publicacións Periódicas), carencia absoluta de persoal administrativo que obriga ó persoal técnico a realizar traballos mecanográficos e cambio total de plantillas no ano 1989 co conseguinte proceso de adaptación do novo persoal. Sinalar finalmente que no ano 1989 estase replantexando esta área fortemente ante a previsible automatización e que por outra parte algúns traballos só poden ser levados adiante gracias á colaboración do persoal que atende servicios (Préstamo e Investigadores, fundamentalmente).

Os catálogos que mantén a Biblioteca son os seguintes:

- Topográfico de monografías
- Alfabético de autores e obras anónimas
- Alfabético de materias de acordo ó sistema da Universidade Laval
- Sistemático CDU
- Alfabético de materias de fontes de referencia
- Alfabético de autores de fondos galegos
- Alfabético de materias de fondos galegos
- Alfabético de títulos de publicacións periódicas
- alfabético de materias de publicacións periódicas
- Topográfico de publicacións periódicas
- Alfabético de autores de artigos de publicacións periódicas referentes a Galicia
- Alfabético de materias de artigos de publicacións periódicas referentes a Galicia.



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Algúns destes catálogos estaban ata 1988 incompletos, ó non incluír todos os fondos da Biblioteca. Nese ano comenzouse un plan de incorporación destes fondos, ben se tratase de fondos non controlados (artículos de publicacións periódicas referentes a Galicia), ben de fondos controlados, pero que non figuraban nos catálogos de acceso público (publicacións periódicas da Biblioteca América, manuscritos).

No ano 1989 tratáronse técnicamente os seguintes fondos:

I. Monografías:

Fondos xerais: 1234

Fondo galego: 1.104

Manuscritos: 60

II. Publicacións periódicas:

Mantivéronse os diferentes catálogos sinalados, actualizándoos cos incrementos das 890 publicacións periódicas en curso. Neste ano comenzouse tamén a revisión da sección de números soltos de publicacións periódicas co fin de extraer todos os fondos referentes a Galicia, dos que se está procedendo á súa catalogación e vaciado. Sistematizouse o vaciado das publicacións galegas en curso e / iniciouse un plan sistemático de vaciado dos fondos retrospectivos (4 títulos).

Continuouse a incorporación ós catálogos ó público das publicacións periódicas da Biblioteca América, procedéndose tamén ó vaciado de artigos referentes a Galicia ou de orixe galego (revistas de asociacións, casas, etc. de Galicia en América Latina). O número de títulos incorporados foi de 743, quedando ó día as publicacións de Estados Unidos, Guatemala, Honduras, Jamaica e Méjico.

Estes traballos realizáronse co persoal dos Departamentos de Publicacións periódicas e de Lectura en sala.

No presente ano tense practicamente gravado todo o fondo da BU de publicacións periódicas pechadas, agardándose en 1990 proceder á revisión e edición do correspondente catálogo.



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SERVICIOS

A BX puxo en servicio 27.881 documentos, fundamentalmente libros e publicacións periódicas, debéndose ter en conta que as consultas de fondos en acceso directo da sala de lectura, da Sección de Información e da Hemeroteca non se contabilizan, polo que a cifra de documentos consultados pode superar os 35.000 documentos. Destes documentos, 13.290 monografías foron servidas polo Servicio de / Préstamo a domicilio, observándose unha demanda especialmente forte de obras de lingüística e literatura (4.238). Este índice é perfectamente explicable polo / feito de ir incluídas nel as obras literarias, pero aínda así contrasta cos doutras materias como xeografía e historia das que se emprestaron 2.210 títulos. Polo tanto, parece convinte que se revise a política de préstamo da Biblioteca de Filoloxía en vindeiros anos. Hai que ter en conta tamén que os usuarios solicitaron 8.615 documentos en préstamo que non poideron ser facilitados por diversas / razóns: obras que non se prestan por ser anteriores a 1958 (data que marca a Lei para a consideración de patrimonio histórico), atoparse xa emprestadas, etc. De calquera xeito, a Biblioteca está facendo esforzos pola constitución dunha sección de préstamo en acceso directo, que ó tempo que millore este servicio para o usuario permita contar con un número de duplicados que se estime pertinente, e / diversifica-la demanda ó poder os usuarios consulta-los índices, etc. de obras similares.

Nas salas de lectura desta biblioteca consultáronse 14.591 títulos (sin incluí-los documentos orixinais de P.I.), dos que 981 foron materiais de investigación, excluindo revistas, 5.242 publicacións periódicas (sin incluír prensa / diaria, B.O. e números de revistas en curso) e 8.368 monografías (sin incluír fontes de referencia, e manuais en acceso directo). Hai que resaltar que, aínda tendo en conta que non se contabilizan os documentos en acceso directo que son os previsiblemente mais demandados, estes datos non xustifican a saturación diaria da sala de lectura xeral, que só é explicable pola escasez de postos nas Bibliotecas de Centros, e pola utilización que se fai dela para a lectura de apuntes.



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

A reprografía da BX puxo a disposición dos usuarios 9.566 artigos de revistas, prensa, monografías esgotadas e seccións menores de monografías á venda. Dada a carga de traballo que supón este servizo, no ano 1990 intentárase dispoñer dunha fotocopiadora en autoservicio para os fondos actuais, realizando só o persoal da Biblioteca as solicitudes de reprodución de fondos antigos e de PI.

O Servizo de Información bibliográfica, xunto cos de acceso ó documento, é un dos que ten mais forte demanda. aínda que ésta é difícil de avaliar polas súas propias características. No mes de xullo de 1989 púxose en marcha a recollida de datos estadísticos que permitisen unha posterior avaliación cuantitativa, pero debe terse en conta que os datos que se indicarán a continuación son incompletos pola dificultade que supón anotar multitude de consultas puntuais sobre horarios, servizos, etc. que se respostan ó tempo que outros usuarios están / agardando. Este servizo funciona ó público entre 9,30 - 14 h e entre 16 - 20 horas, xa que no tempo restante ata completa-las 14 horas diarias o persoal debe adicarse a traballos internos (organización da sección de fontes de referencia, búsquedas bibliográficas complexas, etc.). Dende xullo contabilizáronse 927 consultas, das que 346 foron sobre funcionamento dos servizos da BU e 581 foron / consultas bibliográficas. Como dato significativo hai que resaltar que no mes de agosto, pese a funciona-la Biblioteca con horario reducido, o número de consultas foi practicamente similar ó do resto dos meses e maior que no mes de xullo. Haberá que observar si en anos vindeiros se confirma esta tendencia.

Aínda que distribuídos no mes de xaneiro de 1990, a BX puxo en marcha en 1989 a elaboración de Boletíns trimestrais de Novas Adquisicións e de Sumarios de revistas, o primeiro número dos cais corresponde ó primeiro trimestre do presente curso académico. Estes boletíns teñen como fin a difusión da información bibliográfica da BX e distribúense a tódalas Bibliotecas de Centros, para que / nelas permanezan a disposición dos usuarios de toda a BU.

Como un medio de da coñecer os fondos desta Biblioteca, a BX realizou diversas exposicións en 1989. Do 16 de xaneiro ó 3 de febreiro expuxéronse Libros raros e preciosos procedentes da Biblioteca do Duque de Osuna, obras dos séculos XVI a XIX que figuran integrados no fondo histórico desta Biblioteca dende que a



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Biblioteca Nacional distribuiu os exemplares de obras que xa poseía desta colección entre diversas Bibliotecas españolas.

Entre o 15 e o 31 de Maio celebrouse a exposición do Día das Letras Galegas, adicado a Celso Emilio Ferreiro. Nela reuniuse practicamente toda a edición das obras e colaboracións do autor en publicacións periódicas, editándose o correspondente catálogo. Nesta exposición colaboraron diversas persoas e entidades, debéndose destacar as valiosas aportacións de D. Xesús Alonso Montero e D. Víctor F. Freixanes.

No marco do Simposio Pensamento Filosófico e Político na Ilustración francesa organizado pola Facultade de Filosofía e CC.EE., entre o 9 e o 21 de outubro celebrouse a exposición Ilustración e Revolución francesa, na que se contou coa colaboración do Departamento de Filosofía. Reuníronse nela edicións de ilustrados españois e doutros países europeos, así como obras científicas e testemuñas sociais da época.

A formación de usuarios é unha tarefa fundamental dos servicios de información e referencia. Neste ano 1989 impartiuse o primeiro curso entre a BX e a B. da Facultade de Filosofía e CC.EE., ocupándose a primeira do currículo correspondente a soportes de información, teledocumentación, acceso ó documento, técnicas de citas e fontes bibliográficas interdisciplinares, e a segunda de fontes bibliográficas especializadas. Este curso de 10 horas foi dirixido a profesores e bolseiros de investigación da Sección de Psicología. A súa rentabilidade foi valorada positivamente tanto polos participantes como polo Presidente da Sección de Psicología, concluíndose a conveniencia de introducir este currículo nos cursos de doctorado.

A formación de alumnos en técnicas de documentación e utilización de Bibliotecas é difícil de artellar dende esta BX, pola magnitude numérica deste colectivo. Actividades de formación son levadas acabo nalgunhas Bibliotecas de Centro como a da Facultade de Filosofía e CC.EE. A BX pensa que o groso desta formación debe ser función das Bibliotecas de Centro, pero co fin de completala e dar a coñecer as características da BX formalizáronse en outubro de 1989 visitas guiadas para os alumnos tódolos martes do curso académico. Nelas ofrécese información / sobre os servicios da BX, horarios, requisitos para acceder ós servicios, manexo



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

de catálogos, etc. Asemade, o Servicio de Información e Referencia atende aquelas visitas que solicitan diversos grupos, colaborando especialmente co Departamento de Educación do Concello de Santiago.

O servicio de acceso ó documento e PI é a lóxica continuación do servicio de Información e Referencia. Dada a necesidade de contar cunha boa colección de referencia para que poida ser desenrolado, é un servicio centralizado para toda a BU na BX, con excepción da Biblioteca da Facultade de Medicina, que dado o seu volume non o centralizará ata que se automaticice na BX. Neste servicio solicitáronse en 1989, 4.453 reproducións de documentos a outros centros nacionais e / estranxeiros, dos que se recibiron 3.330, 701 están pendentes de recibir e 422 eran referencias bibliográficas erróneas ou foron solicitudes canceladas polos usuarios. Hai que ter en conta que das 701 solicitudes sin recibir, 225 corresponden ó mes de decembro e que polo tanto cabe agardar a súa recepción nos primeiros meses de 1990. Aínda sin ter en conta este dato, a taxa de satisfacción de solicitudes, o 74,8%, é satisfactoria dentro das condicións en que se realiza o servicio (escasez de persoal, ficheiros manuais, carencia de catálogos colectivos actualizados das Bibliotecas españolas, etc.).

Solicitáronse asemade 481 documentos orixinais, das que se recibiron 353, é dicir, cunha porcentaxe de satisfacción de 73,39%. É difícil que se poida aumentala satisfacción neste apartado, dada a carencia de catálogos de monografías de Bibliotecas españolas, podéndose dicir que neste momento é máis doado localizar e obter un documento orixinal nunha Biblioteca de EEUU que de España. Por outra banda, obsérvase un crecemento de solicitudes de informes de investigación de diversos tipos de entidades, non publicados, que presentan moitos problemas para a súa obtención.

As Bibliotecas cunha maior demanda deste servicio son para reproducións de documentos as de Bioloxía, Filosofía e CC.EE. e Farmacia co 28,8, 19,36 e 16,52% respectivamente. A taxa de documentos orixinais máis alta provén das Bibliotecas de Filosofía e CC.EE., Xeografía e Historia e Bioloxía e Filoloxía co 18,08, / 11,64 e 10,18% nas dúas últimas .



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Este servicio da BX recibiu 319 solicitudes de reprodución dos fondos da BU, dos que proporcionou 275, e 33 solicitudes de documentos orixinais, dos que se enviaron 33. É previsible que esta demanda por parte doutras Bibliotecas nacionais ou estranxeiras aumente nos próximos anos, dado que a publicación do Catálogo de Publicacións periódicas servirá para dar a coñecer os nosos fondos e polo tanto que creza a demanda.



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

PERSOAL

No ano 1989 a BX contou co seguinte persoal:

- Corpo Facultativo de Arquivos e Bibliotecas (Sección Bibliotecas): 3
- Escala de Axudantes de A. B. e M.: 17 (a partir do mes de xuño 16, quedando unha plaza vacante por traslado)
- Escala de Auxiliares Administrativos: 2
- Oficiais de Bibliotecas: 13 (a partir do mes de decembro 12, quedando unha plaza vacante por excedencia).

Neste ano a Biblioteca perdeu tamén 2 plazas de contratados do grupo B do Ministerio de Cultura, que foron trasladados por este Ministerio á Biblioteca Pública.

Os funcionarios do Corpo Facultativo ocupan as plazas correspondentes á Dirección, Subdirección de Coordinación e Subdirección Técnica.

A Escala de Axudantes distribúese no organigrama do seguinte xeito:

- Negociado de Adquisicións: 2
- Negociado de Publicacións Periódicas: 3 (1 plaza vacante)
- Negociado de Mantemento de fondos: 1
- Negociado de Información e Referencia: 2 1/2 (un funcionario comparte a súa xeira entre este Negociado e o de Catalogación)
- Negociado de PI: 1
- Negociado de Fotodocumentación: 2
- Negociado de Préstamo: 1
- Negociado de Catalogación: 1 1/2
- Negociado de Galicia: 1
- Negociado de Lectura en sala: 2

A Escala de Auxiliares Administrativos ocupa 1 plaza de Negociado de Asuntos Administrativos, e 1 plaza base que desenrola funcións de secretaría de Dirección e apoio a outros Negociados da BX, especialmente ós de PI e Fotodocumentación. A inadecuación da dotación da Escala Auxiliar Administrativa nesta BX, ocasiona que o persoal técnico realice moitos traballos mecanográficos e administrativos, especialmente nos Negociados de Publicacións Periódicas, PI, Fotodocumentación, Catalogación e Galicia, co conseguinte mal aproveitamento da plantilla.



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os Oficiais de Biblioteca prestan as súas funcións nos Negociados de Lectura en sala, Préstamo a domicilio e Fotodocumentación fundamentalmente, así como noutras tarefas auxiliares recollidas no Convenio para o persoal Laboral desta Universidade.

Débese ter en conta que a plantilla da BX atende os servicios desta Biblioteca en horario de 8,30 a 21,30 h., polo que a súa dotación é escasa, debendo / parte do seu persoal facer horarios de mañá e tarde, ou rotando a xeira continuada. Esta especificidade da BU deberíase ter en conta tanto nas dotacións de persoal, como nos Catálogos de Postos de traballo, ó mesmo tempo que, coa excepción de 5 Negociados, os restantes Departamentos desenrolan os seus traballos no marco da BU e da BX.

